

E ADEMAIS

CARBALLO

Pedro Brandariz inaugura a Semana do Libro e a Lectura

A cidade é o título e o nexo de unión entre as actividades que se van desenvolver na Semana do Libro e a Lectura de Carballo. A iniciativa comeza hoxe, ás 12.30 horas, con humor. Pedro Brandariz, un cómico emerxente, será encargado de presentar os actos no Pazo da Cultura, polo que tamén pasarán os grupos de teatro dos colexios Nétoma-Razo, Fogar, Bergantiños e Ponte da Pedra coas súas propostas teatrais.

As instalacións do Pazo da Cultura acollen a partir de hoxe, e durante toda a semana, exposicións de ilustradores, de libros e de materiais elaborados polos escolares. Ademais, a partir de mañá haberá actividades específicas para nenos, para pais e para mestres. Casahamlet interpretará mañá *As formigas* para os alumnos



Pedro Brandariz exerce hoxe como mestre de cerimonia | ANA GARCÍA

de primeiro de primaria e das unitarias; os profesores poderán participar nun obradoiro de literatura con María Canosa, e toda a familia poderá asistir ás 18.30 á actuación de Fátima Fernández cos seus *Contos de galiñas e galos*.